

persoas estiveran interesadas, face-la correspondente solicitude neste Concello.

A Estrada, a 2 de xuño de 2010.—A Alcaldesa en Funcións, Raquel López Doce. **2010006533**

* * *

GONDOMAR

A N U N C I O

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada, entre outras, pola Lei 4/1999, intentada notificación persoal a Prodein Val Miñor, SL, no lugar indicado como domicilio, sen que fora posible practicala, cítase á empresa interesada, para que no prazo de dez días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, retire a notificación que a continuación se relaciona, obrante no expte. administrativo de licenza de 1ª ocupación do expte. 8905-9841.

Notificación da Resolución da Alcaldía de data 29/04/2010.

Gondomar, a 2 de xuño de 2010.—O Alcalde, Martín V. Urgal Alonso. **2010006649**

A N U N C I O

Expte.: Urbanismo. 902-RX/10

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada, entre outras, pola Lei 4/1999, intentada a notificación persoal a Mª. José Rodríguez Dosiñ, no lugar indicado como domicilio, sen que fora posible practicala, cítase a interesada, para que no prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, retire a seguinte notificación :

Traslado da Resolución da Alcaldía de data 11/03/2010 de transmisión de licenza de actividade café-bar na Avda. da feira, 8-Gondomar.

Gondomar, a 3 de xuño de 2010.—O Alcalde, Martín Vicente Urgal Alonso. **2010006794**

* * *

O GROVE

E D I C T O

César García Fernández solicitou desta Alcaldía licenza para obra e instalación dun restaurante na rúa Platería, 18-baixo, deste termo municipal.

En cumprimento do establecido no artigo 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sométese o expediente a información pública por un período de vinte días hábiles, co fin de que nese tempo —que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia— as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na Secretaría deste Concello e formular por escrito as reclamacións ou as observacións que estimen oportunas.

O Grove, a 1 de xuño de 2010.—O Alcalde, José Antonio Cacabelos Rico. **2010006693**

* * *

MEAÑO

A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 14 de xuño de 2010, o expediente de modificación de crédito: Suplemento de Créditos 2/2010 e Créditos Extraordinarios 2/2010 ao Orzamento Municipal 2010, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería obtido da liquidación do Orzamento 2009, exponse ao público, ó abeiro do artigo 169 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web do Concello de Meaño e no Taboleiro de Edictos do Concello por un período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte o da publicación deste anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalo expediente e presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas. O devandito expediente considerárase definitivamente aprobado de non presentarse reclamacións ao mesmo.

Meaño, 15 de xuño de 2010.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal. **2010006966**

* * *

TOMIÑO

E D I C T O

Solicitado por Nav&Ger Tomiño, SL., licenza municipal para a apertura da actividade de centro asistencial para maiores de 54 prazas, a empuzar no barrio de Gándara, parroquia de Tomiño, deste termo, en cumprimento do disposto no art. 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sométese a información pública por prazo de vinte